

**IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS****CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

*RESOLUCIÓN do 13 de xuño de 2018, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se resolve a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, de postos de directores e directoras da Rede de centros integrados de formación profesional de Galicia, anunciada pola Orde do 26 de abril de 2018.*

Convocada a provisión, polo sistema de libre designación, dos postos de directores e directoras da Rede de centros integrados de formación profesional de Galicia, anunciada pola Orde do 26 de abril de 2018 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 89, do 9 de maio), de conformidade co establecido no artigo quinto da citada orde,

**DISPOÑO:**

Primeiro. Resolver a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, dos postos de directores e directoras da Rede de centros integrados de formación profesional de Galicia, anunciada pola Orde do 26 de abril de 2018, unha vez vistos os informes emitidos polos consellos sociais e polos claustros de profesores dos centros integrados, tal e como establece o punto 2 do artigo quinto da citada orde.

Segundo. No uso das atribucións conferidas polo punto 4 do artigo quinto da antedita orde, nomear directores e directoras da Rede de centros integrados de formación profesional de Galicia os candidatos relacionados no anexo desta resolución.

Terceiro. O nomeamento referido no punto segundo desta resolución terá efectos administrativos e económicos desde o 1 de xullo de 2018 incluído.

Cuarto. Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso de alzada perante o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Santiago de Compostela, 13 de xuño de 2018

Manuel Corredoira López

Director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa



## ANEXO

Provincia	Concello	Código centro	Centro integrado de formación profesional	Apellidos e nome	DNI
A Coruña	A Coruña	15024513	CIFP Someso	Juan Carlos González Purriños	32433463J
A Coruña	A Coruña	15027800	CIFP Imaxe e Son	Julio Germade Barros	32439652S
Lugo	Lugo	27006528	CIFP As Mercedes	Joaquín Expósito López	33840556N
Lugo	Ribadeo	27020793	CIFP Porta da Auga	Isidro Berdeal Díaz	76573867J
Ourense	Ourense	32015050	CIFP A Farixa	José Luis Rodríguez García	34598177J
Pontevedra	Vigo	36013448	CIFP Manuel Antonio	Rubén Otero Caneda	76861780N
Pontevedra	Vigo	36014568	CIFP Valentín Paz Andrade	Alfonso Silva Solla	52491688F

